

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 11 | nº 132 | Novembro de 2025 | Prezo 2 euros

Un mes coa castaña como protagonista

Páxinas II a V



Proxectos para novas naves na LE1 e LE2 da PLISAN

Páxina VIII



Mellora das Instalacións Deportivas da Canuda

Páxina VIII



Nova guardería en Arbo

Páxina VIII



Campaña de vacinación da gripe e a covid

Páxina IX



Descobren muralla medieval en Tui

Páxina X



San Martiño e magostos en Ourense

Páxina II e IV

Entrevista



Monseñor José Diéguez Dieppa
Deán-Presidente do Cabildo da Catedral de Tui
"A Catedral de Tui é un vínculo de unidade entre Portugal e Santiago"

Páxinas XIII

O Inocente Taparia

Menú do día.
Comidas e ceas para grupos.
Comidas para levar.

Rúa Velázquez, 11. Tfno. 988 616 554. O COUTO (Ourense)

A OFICINA
Bar de petiscos

Fixemos reformas para comodidade dos nosos clientes

Tfno. 988 31 80 83
Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

OURENSE

A San Martiño 2025 percorrerá dez quilómetros polas rúas da cidade

O Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense organiza a edición 48 da Carreira Pedestre Popular do San Martiño. O salón de plenos acolleu a presentación da emblemática proba deportiva, que se desenvolverá o domingo 9 de novembro, cun percorrido inédito, sobre unha distancia de 10 quilómetros, con saída ás 11.00 h da Ponte do Milenio e meta na Praza de Concepción Arenal.

O acto de presentación contou coa participación do alcalde de Ourense, Gonzalo Jácome, o concelleiro de Deportes, Aníbal Pereira, o xefe do Servizo de Deportes da Xunta en Ourense, Manuel Pérez, o asesor de Deportes da Deputación, Quique Álvarez, o vicepresidente da Federación Galega de Atletismo, Lalo Gómez, o director de área de Caixabank, Antonio Lema, e a presidenta da asociación de familiares de enfermos de Alzheimer Afaor (beneficiaria do dorsal solidario da carreira), María Dolores Meira, entre outros representantes de empresas e entidades colaboradoras.

Este ano o circuito se adapta a causa das obras que se están a executar na avenida de Portugal.



Presentación da carreira na Casa Consistorial.

Así, terá un percorrido inédito, tamén homologado pola Federación, e aparentemente máis rápido, do que destaca o remate en liña recta de case 3 km desde Mariñamansa até a Praza de Concepción Arenal.

Percorrido e horarios

A carreira absoluta sairá ás 11.00 horas da Ponte do Milenio e avanzará pola rúas Xesús Pousa, Avenida de Marín, Otero Pedrayo, Castelao, Cardenal Quevedo, A Habana, Curros Enríquez, Paseo, Lamas Carvajal, Praza Maior, Bispo Carrascosa, Moratín, Colón, Padre Feijóo, Lugo, Ben-Cho-Shey, Galicia, Ramón Puga, A Saínza, Avenida de Zamora (ata a glorieta da estrada de San Cibrao), Avenida de Zamora e Progreso ata a meta

na Praza de Concepción Arenal. O itinerario está homologado pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA).

A proba está aberta tanto a atletas con licenza federativa como a corredores e corredoras populares. Se poderá realizar unha doazón económica en favor de Afaor na pasarela de inscrición ou a través do Dorsal 0.

A continuación da proba absoluta, serán as demais. Este ano, como novidade, haberá unha carreira diferente por categoría, con saídas cada 10 minutos: Sub18 (12.10h), Sub16 (12.20 h), Sub14 (12.30 h): de 4.5 qm. de distancia. Sub12 (12.50 h) e Sub10 (13.05 h): 1,1 qm. e a Carreira inclusiva (13.20 h), tamén de 1,1 qm.

O San Martiño no Centro Histórico de Ourense



O Concello de Ourense manterá a celebración da Festa do San Martiño – Magostos 2025 na súa localización habitual, o Centro Histórico da cidade, e organizará próximamente outros eventos artísticos e festivos no Parque Ribeira de Canedo, entre eles unha gran festa de tardeo, a próxima primavera.

O goberno municipal valorou a posibilidade de que a zona verde emprazada xunto ao río Miño acollese este ano a tradicional festa do día 11 de novembro. Para garantir o seu desenvolvemento en caso de choiva, estudou a posibilidade de instalar unha pérgola provisional, apoiada nas vigas de madeira situadas sobre as columnas de pedra do Parque, que actuaría

como soportal para o público asistente. Pero os informes técnicos municipais desaconsellan esta solución por motivos de seguridade, polo que o evento festivo continuará na súa localización tradicional.

Porén, o goberno municipal mantén a súa aposta polo Parque Ribeira de Canedo como escenario idóneo para outras actividades artísticas e eventos festivos no futuro, especialmente en primavera e verán, e en horario diurno, que contribúan a dinamizar esta zona verde e aproveitar o seu potencial. Lembra que o parque xa acolleu con éxito actividades como o concerto de María do Ceo das Festas da Ponte de 2022, e adianta que estudia organizar unha “gran festa de tardeo” para a próxima primavera.

BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

ADEGA VELLA S. COOPERATIVAS

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 – 660047602
info@adegavella.com

acouBAR

Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

NOVO ENTRIMO

Luns: costela guisada
Martes: fabada
Mércores: carne arraxada
Xoves: mollejas
Venres: riñóns
Sábado: callos
Domingo: polbo
Variedade de petiscos
berenxenas rebozadas, xoubas


698 152 840
641 460 838 . Rúa Velázquez . O Couto. Ourense

Libro de receitas aportadas por 14 cociñeiros de prestixio nacional

Despois de analizar polo miúdo as necesidades e os recursos dos concellos de Parada de Sil, A Teixeira e Castro Caldelas cremos que unha das formas máis viables de asentarse a poboación e dinamizar a actividade económica destes municipios, atópase en aproveitar a potencialidade que agocha unha materia prima de excelentes características: a castaña”.

Este era o pensamento dos representantes dos devanditos concellos, tres dos principais produtores de castaña da provincia de Ourense cando se reuniron en Parada de Sil o 26 de outubro do ano 2008.

Os alcaldes consideraron a posibilidade de editar un libro de contidos e deseño innovadores onde se expoñen as receitas de 14 cociñeiros de recoñecido prestixio a nivel nacional. A obtención destas creacións non suporía ningún custe, asegura, xa que tras as primeiras conversas mantidas, estes profesionais ofrécense a doalas de forma non remunerada. Por outra banda, aqueles cociñeiros de máis renome, como Torreblanca, Subijana ou Javier,



ademais de contar cun espazo máis amplo no que se integrarían ata seis receitas de cada un deles, foron convidados a visitar o territorio para coñecer o produto nos propios soutos de castiñeiros e desfrutar dunha agradable estancia no seu entorno.

Asistiron á xuntanza logo de percorrer os soutos, Héctor López (restaurante España, de Lugo), Rafael Centeno (restaurante Maruja Limón, de Vigo), Javier González (restaurante A Rexidora, de Ourense) e Javier Rodríguez (restaurante Taxi, de A Coruña). Outros cociñeiros que aportaron as súas receitas son: Pedro Subijana (San

Sebastián), Francisco Torreblanca (Elche. Alicante), Javier Pellicer (Barcelona), Pedro Mario e Óscar Pérez (Zamora), Sacha Hormaechea (Madrid), Sergio Torres (Barcelona), Javier Núñez (León), Susi Díaz (Elche.Alicante), Jesús Sánchez (Valverde de Pontones. Santander) e Pedro Martiño (Oviedo).

Nesta publicación editada en 2010 pola Xunta de Galicia, amosase tamén a riqueza da paisaxe e do patrimonio histórico-artístico. Unha terra chea de fondas raíces, vides centenarias e pedras románicas que conforman unha paisaxe única da Galicia de interior: a Ribeira Sacra.

O libro das castañas, de Flavio Morganti



O cociñeiro Flavio Morganti é o autor do libro “El árbol del pan (Castañeada sativa Miller)”. A publicación, con prólogo de Rafael Ansón, revela os misterios das castañas e as súas receitas. O libro conta coa colaboración de Paco Torreblanca, reposteiro da gastronomía do doce e de Xesús Quintá García. As fotografías son de Xurxo Lobato e, nos textos, Flavio Morganti dí que o libro “é un romance gastronómico no que da unha visión rápida, amena e informativa sobre as singularidades e curiosidades que rodean ao

magnífico mundo no bosque baixo”. Coa publicación das receitas, Morganti pretende aportar unha visión gastronómica propia pero transferible; una fusión singular que poida adaptarse as sensibilidades de quen queira disfrutar dunha forma distinta das infinitas posibilidades que brinda o froito da árbore do pan”. Flavio Morganti foi gañador do Premio de Gastronomía de Galicia en 2009 e o seu libro “Vacas” foi galardoado con sete premios Gourmand. Nesta nova publicación escribe sobre a importancia e o valor nutricional da castaña.

Bar Limia

Sellado de quinielas

Petiscos coa consumición

Rúa Ervedelo, 100.
O Couto (Ourense)





el París
abril 1981

Pedidos por whatsapp:
621 341 998

Lepanto, 9
Ourense



O Capricho

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE

Tfno. 988 981 601



a barbería

TAPERÍA

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

OURENSE

A festa do San Martiño en Ourense ofrecerá castañas de balde e concertos de Brañas Folk e orquestra Olympus

O día 11 de novembro, festividade de San Martín de Tours patrón da cidade, é festa local en Ourense. O Concello anuncia a programación completa e detallada do tradicional Magosto, transformando a Praza Maior, a Praza Bispo Cesáreo e a rúa do Progreso (Alameda) no epicentro da festa.

“A festa, que comeza ás 18.00 horas, estenderase até a noite e combinará a tradición gastronómica cunha potente oferta musical para todos os públicos”, afirman desde o Concello.

A parte máis esperada da celebración, o Magosto tradicional, arrincarás ás 18.00 horas simultaneamente na Praza Maior e na Alameda. As persoas asistentes poderán degustar castañas asadas de forma gratuíta, honrando a esencia desta festa ancestral.

Ademais, haberá unha zona de venda de chourizo asado con bolo de masa nai, auga e viño (por un prezo simbólico de tres euros), xunto con outras propostas como callos e porco ao espeto.



Música galega e gran verbena

A programación musical garante a animación da tarde e da noite: de 18.00 a 19.30 horas, música tradicional na Praza Maior. A festa comezará co concerto de Brañas Folk que estará acompañado de Verónica Codesal, Pancho Álvarez, María Jorge e polo grupo de gaiteiros "De pé feito", coordinados por Gonzalo Abelairas.

Desde as 19.00 a 22.00 horas, baile e festa na rúa do Progreso (Alameda). A verbena correrá a cargo da recoñecida Orquestra Olympus, que garantirá o baile e a diversión co seu espectáculo, poñendo o broche de ouro á noite do San Martiño.

O carácter diferencial e o arraigo do magosto de Ourense, converteuno en 2008 en festa de interese turístico de Galicia.

Sofragal transforma e comercializa a castaña de Nogueira de Ramuín

Sofragal é unha cooperativa agroalimentaria de Luínta, na Ribeira Sacra, para a comercialización e distribución da castaña. Dedicase a xestión de arboledas para a obtención de castaña local, a cal transforma en castaña seca e fariña de castaña. Así mesmo, realiza repostería con base principal de fariña de castaña. Son características as bicás e galletas con fariña de castaña.

Actualmente xestiona 15 hectáreas de arboledas cunha produción máxima anual de 50 toneladas de castañas. En 2013 creou a cooperativa coa que comezou a recuperar arboledas de castiñeiros, dos que recolleu os seus froitos e posteriormente seleccionounos para a súa venda en fresco.

“Grazas ao noso esforzo e coas ganas de dar un paso máis, en 2019 decidimos engadirlle un novo valor ás nosas castañas, creando unha pequena industria agroalimentaria para a súa transformación en castañas secas e fariña de castañas en Luínta. Tras un meticuloso proceso de



selección, secado e envasado, comercialízanse os nosos produtos ao mercado, sostén Dositeo Álvarez secretario da cooperativa.

Realizaron un investimento de 359.562,79 € percibindo unha subvención a fondo perdido de 161.803,26 € da Xunta de Galicia e Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio - medida 4.2 de apoio a investimento en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos - Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 - Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

En 2021 comezou coa comercialización de bicás e galletas con base principal de fariña de castaña.



Bar Orellas
Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE



ALPENDRE PULPO

Tapas revoltos montados

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. Ourense

Cada prato é unha homenaxe a Galicia



CANDEA
O SABOR DA RIBEIRA SACRA

Camión do Plantío, 2
Parada de Sil (Ourense)
Tfno. 638 52 28 34
casaotorgal@gmail.com
www.candearibeirasacra.com

Obalcondaribeira
Hotel- restaurante



988 20 82 39
666 42 02 77
www.obalcondaribeira.com
balcondaribeira@gmail.com
Praza do Barquilleiro, 4-6
Parada de Sil (Ourense)

A Xunta impulsa o potencial turístico do patrimonio natural da Ribeira Sacra

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, salientou o compromiso do Goberno galego co desenvolvemento turístico do territorio mellorando e impulsando os atractivos locais como fórmula para promover a actividade turística, xerar riqueza e avanzar no desenvolvemento económico da contorna rural.

Referíndose á Ribeira Sacra destacou que Turismo de Galicia está a apoiar distintas iniciativas locais enmarcadas nun plan de sostibilidade turística de destino que ten un investimento global de dous millóns de euros, que se suma a outro de Cascos Históricos e Vilas Termais, con outros dous millóns, e tamén financiando accións do xeodestino Ribeira Sacra.

Así o puxo de manifesto durante a súa intervención no Foro Territorios Patrimonio 2025 que se desenvolve no parador de turismo de Monforte de Lemos e que reuniu nesta paraxe a representantes de institucións, comunidades locais, expertos e proxectos de referencia nacionais e internacionais baixo o lema 'Un



Foro Territorios celebrado en Monforte.

patrimonio para habitar'.

Merelles destacou entre outras actuacións, a liña de axudas do seu departamento dirixida a concellos de menos de 10.000 habitantes na que se investiron este ano un total de dous millóns e que beneficiou a 67 concellos da comunidade. "Este apoio permitiu mellorar os recursos turísticos locais e promover a diversificación turística no territorio", salientou. Tamén se referiu aos proxectos de mellora dunha decena de bens de interese cultural (BIC) repartidos por toda Galicia, nos que se están a investir máis de vinte

millóns que "ademais de contribuír ao mantemento do patrimonio, incrementarán o atractivo turístico das zonas nas que se atopan".

Xosé Merelles tamén puxo o acento no Camiño de Santiago como un dos motores para o desenvolvemento económico dos municipios que atravesará. "Cada peregrino ten un impacto en gasto equivalente ao de tres turistas nacionais", dixo engadindo que o efecto das rutas xacobeas "ten un efecto descentralizador ao beneficiar a zonas de baixa densidade poboacional e focos alleos ao turismo".

Magostos e xornadas micolóxicas en Parada de Sil



No Concello de Parada de Sil celebran magosto o día 8 ás sete da tarde en Sacardebois.

En Purdeos será a XII edición da festa da Pisa da Castaña o día 15 de novembro, sábado. Ás 11,30 farase a recreación da pisa das castañas. Estará aberto o mercado tradicional de produtos locais e ás 14 horas servirase o xantar popular ao prezo de 15 euros. Os comensais poderán degustar cocido completo. É dicir:

lacón, cachucha, androia, tenreira, orella e fuciño. Tamén bica, viños Mencía e Godello da Ribeira Sacra, auga café e chupito. A venda de entradas faise nos bares da localidade e na Casa Consistorial.

O sábado día 22 de novembro serán as III Xornadas Micolóxicas, dirixidas polo micólogo Alejandro Méndez, con charlas e saída ao campo. De 10 a 12,30 horas para adultos e de 15,30 a 17,30 para cativos.

Máis información na nosa web
www.novasdоеixoatlantico.com

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tfno 617 64 93 88.
Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

Rúa Unión 2 . Tfno. 607 085 027 . Ourense

OIL PINTUCO
Recogida de Aceites y grasas vegetales,
Limpieza de Campanas,
Extractores, Salida de Humos
y Decantadores de grasa.
680 956 669
655 392 375
OURENSE Correo: oilpintuco@gmail.com

SOFRAGAL
S.COOP.GALEGA
Parcela 11-Parque Empresarial Nogueira de Ramuín
Luintra CP 32180 Ourense
sofragal.ribeirasacra@gmail.com tel (+34)606103114
"Recuperando soutos tradicionais da Ribeira Sacra"

OURENSE

De Monforte de Lemos a Santo Estevo de Ribas de Sil, camiños heroicos da Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra é unha das paisaxes con máis carácter de Galicia. A particularidade xeográfica que supón o Canón do río Sil leva asociada unha singularidade climática que outorga relevancia aos viñedos e fragas. A presenza dun riquísimo patrimonio completa un conxunto no que a calidade é o denominador común, aplicado aos caldos, á arquitectura relixiosa ou á paisaxe mesma. Monforte de Lemos é vila referencial dende hai séculos. Asentada nas ribeiras do río Cabe, ten unha posición central no produtivo val de Lemos. Funcionalmente realiza un papel propio dunha cidade, equidistante entre Lugo, Ourense e Ponferrada, sendo un nó básico nas comunicacións, especialmente nas ferroviarias.

Considerada capital da Ribeira Sacra, a súa monumentalidade ten como máximo expoñente a Torre da Homenaxe do castelo dos Condes de Lemos, señores nobres destas terras e condado de grande relevancia no devir político e histórico de Galicia. A monumental estrutura de trinta metros de altura foi construída entre os séculos XIII e XIV e, en conxunto coa muralla medieval, declarouse Ben de Interese Cultural no ano 1994.

Doade é un dos centros da viticultura da zona. Pasando a aldea, ábrese ante nós unha espectacular perspectiva do río Sil. Bemvidos á Ribeira Sacra en todo o seu esplendor.

Descendendo entre viñedos podemos facer un descanso no mi-



Pasarela sobre o río Mao.

radoiro de Souto Chao, para continuar despois ata o embarcadiro de Doade, onde se pode subir a bordo dun catamarán para navegar polo río. A ponte une as provincias de Lugo e Ourense e dende aquí comeza unha forte subida que nos levará a recuperar todo o descenso anterior.

Miradoiro de Souto Chao

O miradoiro de Souto Chao (Doade, Sober) sitúase nun promontorio en pleno Canón do Sil. Os fortes desniveis non impiden a presenza de vides, procurando sempre a orientación que ofrece maiores horas de sol e aproveitando as suaves condicións climáticas. Na ladeira oposta, mestas fragas cobren grandes superficies.

Dende Souto Chao, apreciase tamén a grandeza do Canón do Sil. Producido en orixe por unha fractura tectónica, foi a posterior

erosión fluvial a que lle deu o aspecto actual. A acción humana foi modelando os usos do solo, outorgando unhas texturas que converten a esta escena paisaxística nunha auténtica experiencia para o sentidos.

Castro Caldelas

Castro Caldelas aférrase ao seu outeiro, contemplando a inmensidade dende o seu castelo. De orixe incerta, sábese que pertenceu á Casa de Lemos e foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1994. A cuidada vila conta coa consideración de Conxunto Histórico-Artístico.

De camiño a Cristosende, xa na Teixeira, o miradoiro da Galeana anuncia o que virá despois: os canóns dos ríos Mao e Sil.

Cristosende é exemplo de aldea asentada en "bocarribeira": concepto definido por Otero Pedrayo, no que a aldea se sitúa na zona chaira superior, en contacto co borde do val, quedando os cultivos nas ladeiras sendo necesaria a creación de bancais para gañar terreo cultivable.

A viticultura heroica

A viticultura heroica fai referencia aos labores vinícolas desenvolvidos en pendentes que chegan a acadar o 70% de desnivel. Nalgunhas viñas instálanse raís (polos que soben as uvas en vagonetas motorizadas) para evitar a pendente e mesmo existen parcelas ás que so é posible acceder en barco, sucando as augas do río Sil. Por todo isto, a vendima na zona pode resultar unha tarefa heroica.

Unha nova baixada, con amplas vistas sobre o Sil, leva á Fábrica da Luz, ao pé do río Mao e da súa insólita pasarela, que nos permitirá camiñar entre as copas das árbores.

De Cabezoás a Santo Estevo

O punto final deste itinerario é o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín). Orixinario da época medieval, séculos VI-VII, posúe tres claustros de cadanseu estilo arquitectónico: románico, barroco e renacentista. Declarado Monumento Histórico-Artístico no 1923, ten consideración de Ben de Interese Cultural desde 1985. O cenobio ocúltase entre os vigorosos castiñeiros de frondosos soutos, tan representativos da Ribeira Sacra.

Fábrica da Luz

O río Mao é un irmán pequeno do río Sil, que conta tamén cun fermoso canón, paredes abruptas e vexetación sobranceira. Ao igual que sucede co Sil, a forza do Mao foi aproveitada para a produción de enerxía eléctrica, sendo un dos primeiros ríos galego en ter este aproveitamento.

A Fábrica da Luz é unha vella central hidroeléctrica construída



Mirador Balcóns de Madrid.

O percorrido segue polo Canón do Sil, pasando por aldeas entre soutos e viñedos: Barxacova, Saccardebois, Purdeus... até chegar a Parada de Sil. Un desvío no itinerario permite a visita aos Balcóns de Madrid, un dos puntos máis populares da Ribeira Sacra pola perspectiva frontal da paredes do Canón do Sil.

Malia todo o que levamos visto, o miradoiro de Cabezoá ten aínda a capacidade de sorprendernos. Situado nunha forte caída cara o Sil, conta cunha plataforma metálica que permite unha privilegiada ollada ao meandro do río, no que o canón se mostra con toda a súa espectacularidade.

no 1914 que, no ano 2011, foi reformulada como albergue turístico, local de usos múltiples e centro de formación ambiental e turismo activo. A súa perfecta integración na contorna exemplifica a posta en valor do patrimonio industrial.

Dende a propia fábrica, parte un sendeiro que pronto se converte en pasarela e que transcorre elevado pola marxe esquerda do Mao até o seu encontro co Sil, á altura da aldea de Barxacova. O microclima da zona permite a presenza de fraga atlántica e de especies de matiz mediterráneo como érbedos ou aciñeiras.

Para máis información consulte www.turismo.gal



Castro Caldelas.

19º Outono Gastronómico en turismo rural

Outro ano máis o Outono Gastronómico en Turismo Rural de Galicia ofreceche a posibilidade de gozar dunha saborosa gastronomía facendo unha escapada en parella, cos amigos, en familia ou regalándote un tempo para ti só. Dende o 19 de setembro ata o 21 de decembro de 2025, as casas de Turismo Rural de Galicia celebran o seu "18º Outono Gastronómico", patrocinado por Turismo de Galicia. As 78 casas rurais participantes ofrecerán dous menús distintos, exclusivamente concibidos para esta ocasión, elaborados cos mellores produtos galegos.

Ademais do "Menú Outono Gastronómico" tamén tes a posibilidade de adquirir o "Paquete Outono Gastronómico" -que permite degustar o Menú Outono Gastronómico

e pernoctar na casa de turismo rural elixida-, ou gozar da oferta completa coa "Fin de Semana Outono Gastronómico". E se queres compartir coa familia a fin de semana, podes apuntarte á oferta "Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico" (1 ou 2 nenos/as). Tamén poderás gozar do Outono Plus naqueles establecementos, 31 nesta edición, que oferten adicionalmente outras actividades complementarias como paseos a cabalo, descenso en canoa, sendeirismo, visitas culturais...

Podes facer a túa reserva para gozar destas experiencias os venres, sábados e domingos durante o período do 19 de setembro ao 21 de decembro, agás a fin de semana do 6 ao 8 de decembro.

Na presentación desta edición, o director



de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, indicou que 11 dos 79 establecementos están en concellos afectados polos incendios este verán, o que supón o 14% do total. Neste sentido, Merelles expresou o seu

desexo de que o público en xeral se solidarice coas zonas afectadas polo lume este verán e opten por establecementos situados nestes concellos.

Máis información en www.turismo.gal

Casas Rurais participantes no Outono Gastronómico 2025

21 casas rurais na Coruña:

Muíño das Cañotas, en Cariño; Casa do Morcego, en Valdoviño; Casa Arpón, en Malpica de Bergantiños; Mar de Queo, en Carballo; Costa da Égoa, en Carral; Casa das Fiadeiras de Nemiña, en Muxía; Casa Castiñeira, en Muxía; O Muíño de Pena, en O Pino; Casa Camino Real, en Melide; Pazo Santa María, en Arzúa; Pazo de Sedor, en Arzúa; Fogar de Lecer, en Arzúa; Casa Perfecto María, en Outes; Pazo de Brandeso & Country Club, en Arzúa; A Casa da Torre Branca, en Santiago de Compostela; Casa Brandariz, en Arzúa; Yoruba, en Ames; Fogar de Selmo, en Rois; Casa do Cruceiro, en Ames; Casa do Zuleiro, en Outes; Xanela da Lúa, en Carnota; Parada de Francos, en Teo.

22 casas rurais en Lugo:

O Almacén, en Cervo; Os Tres Teixos, en Foz; Finca O Bizarro, en Trabada; Casa Norita, en Lourenzán; Casona de Labrada, en A Pontenova; Casa de Aldea Finca Val dos Soños, en Castro de Rei; Longarela Casa Rural, en Castroverde; Casa O Crego, en Cervantes; A Fervenza, en O Corgo; Casa Blanco, en Palas de Rei; Pazo de Ludeiro, en Monterroso; A Lareira, en As Nogais; Casa Romualdo, en Taboada; Casa das Triegas, en Folgoso do Courel; Casa Ferreiro, en Folgoso do Courel; Pazo do Piñeiro, en Chantada; Casa Vilamor, en O Saviñao; Rectoral de Castilón, en Pantón; Casa dos Muros, en Pantón; Ferrería de Rugando, en Quiroga; Casa Grande de Rosende, en Sober; Rectoral de Anllo, en Sober.

16 casas rurais de Ourense:

Vila Centellas, en Coles; La Rectoral de San Eusebio, en Coles; Reitoral de Chandrea, en Parada de Sil; Gandarela Turismo Rural, en Cenlle; Eido das Estrelas, en A Veiga; Casa Ramirás, en Ramirás; Casa Rural Vilaboa, en Allariz; Rectoral de Ansemil, en Celanova; Casa Sabariz, en Rairiz de Veiga; Casa do Mosteiro, en Xinzo de

Limia; Rectoral de Candás, en Rairiz de Veiga; Aldea Rural Santo André, en Rairiz de Veiga; Casa Baralló, en Lobios; Casa a Rousia, en Baltar; Retiro do Conde, en Monterrei; Casa da Feira, en Lobios.

18 casas rurais en Pontevedra:

Casa San Ginés, en Vila de Cruces; A

Casa da Botica, en A Estrada; Torres de Moreda, en A Estrada; Casa Grande de Fuentemayor, en Silleda; Torre do Río, en Caldas de Reis; Casal dos Celenis, en Caldas de Reis; Casal do Umia, en Cambados; A Pastora, en Cambados; Casal de Folgueiras, en Meis; Casa do Sear, en Sanxenxo; A

Casa de Larache, en Vilaboa; Lugar dos Devas, en Covelo; A Cantaruxa Maruxa, en Mondariz; Casa da Urcela, en Ponteareas; Casa O Cribeiro, en Ponteareas; Pazo da Escola, en Gondomar; Abreu do Louro, en Arbo; Rectoral de Areas, en Tui.

Máis información en www.turismo.gal

	Paquete Outono Gastronómico Inclúe o Menú Outono Gastronómico e a estancia na casa de turismo rural elixida (noite de venres ou sábado a escoller), co almuerzo do día seguinte dentro da oferta.	165 €/ 2 PERSOAS EN CUARTO DOBRE
		105 €/ 1 PERSOA EN CUARTO INDIVIDUAL
	Fin de Semana Outono Gastronómico Inclúe dous Menús Outono Gastronómico e dous almorzos por persoa, así como o aloxamento para as noites de venres e sábado.	260 €/ 2 PERSOAS EN CUARTO DOBRE
		165 €/ 1 PERSOA EN CUARTO INDIVIDUAL
	Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico con 1 neno/a Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por cada adulto e dous menús infantís por neno/a, aloxamento en cuarto dobre con cama supletoria (noites de venres e sábado) e almorzos para toda a familia os dous días.	310 €/ 2 ADULTOS + 1 NENO/A (ATA 14 ANOS)
	Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico con 2 nenos/as Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por cada adulto e dous menús infantís por cada neno/a, aloxamento en dous cuartos dobres ou un dobre con dúas camas supletorias (noites de venres e sábado) e almorzos para toda a familia os dous días.	360 €/ 2 ADULTOS + 2 NENOS/AS (ATA 14 ANOS)
	Outono Plus Consulta establecementos e actividades en turismo.gal	
	Menú Outono Gastronómico Inclúe entrante, primeiro e segundo pratos, sobremesa e viño Denominación de Orixe galega.	37,50 €/ 1 PERSOA

CONDADO/PARADANTA

Ampliación de naves na PLISAN

A UTE Reboreda Martínez Antonio, SLNE- Alfonso Penela obtivo a maior puntuación para ser a adxudicataria da redacción do anteproyecto, proxecto básico, execución e dirección facultativa da construción de novas naves na que a Zona Franca construírá nas parcelas LE1 e LE2 da PLISAN.

A oferta da UTE alcanzou os 919.180€, cun prazo de execución será de seis meses. Posteriormente a Zona Franca comezará a licitación para finais de 2026,



cun investimento previsto nos 30M€ e unha superficie de aproximadamente 42.000m2.

Melloras na Casa de Cultura de Leirado

O Concello de Salvaterra iniciou os traballos de reforma na cuberta da Casa cultural da parroquia de Leirado debido ás filtracións de auga; unha obra financiada a través da liña de investimentos do Plan + Provincia 2025 da Deputación Provincial, por un importe de máis de 51.000,00€.



Saneamento das augas residuais

O Concello de Salvaterra recibiu unha subvención de 60.000€ da Xunta, cunha achega municipal de 18.000€, para levar a cabo as primeiras actuacións de bombeo de augas residuais

(EBAR) nas parroquias de Fornelos, Cordeiro, Pesqueiras e Alxén co fin de mellorar a xestión dixital do ciclo urbano da auga e mellorar o control e a calidade nos vertidos de augas residuais.

A licitación o Servizo de Atención Temperá

Ata o 16 de outubro estivo aberto o prazo de recepción para as empresas interesadas na licitación do Servizo de Atención Temperá (SAT), así estipulado

trala sinatura do novo convenio de colaboración entre os Concellos de Arbo, Salvaterra de Miño e Crecente para o mantemento da agrupación e xestión compartida.

Nova Gardería Municipal en Arbo

Cun orzamento de 574.000€, o Concello de Arbo comezou as obras para a construción dunha nova gardería municipal no antigo edificio adquirido na zona da Chan, onde tamén se sitúa o centro social recentemente construído. O prazo de construción está pautado para dez meses.



90 novos libros na Biblioteca

O Concello de Arbo adquire un total de 90 novos libros que permiten incrementar substancialmente a variedade e actualización dos

fondos dispoñibles na Biblioteca Municipal. Este reforzo nas coleccións ten unha especial atención en literatura infantil e xuvenil.

Portas abertas no Museo do Viño

O domingo 9 de novembro celebramos o Día Mundial do Enoturismo e con motivo de tal celebración

o Concello de Salvaterra de Miño organiza unha xornada gratuítas de portas abertas para descubrir o Museo da Ciencia do Viño.

O deporte volverá a vibrar na Canuda

O Concello de Salvaterra ven de inaugurar as obras de mellora das Instalacións Deportivas da Canuda por un importe de máis de 139.000€, financiadas a través do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra.



Obradoiros de "Conectando Maiores"

Dentro do programa "Conectando Maiores", o Concello de Salvaterra organiza para o día 14 de novembro de xeito gratuítas en colaboración

coa asociación Secout unha par de obradoiros de formación na utilización de Smartphone e Tablet nas parroquias de Salvaterra e de Lira.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR
O REMENDÓN
637 764 865
www.cerrajeroremendon.es
24h.

Talleres Guiller Motor
Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Venta de vehiculos usados
Tel./Fax 986 66 15 41
SPG TALLERES

LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO
San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

JJ Copas
Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos
Avda. Galicia
Ponteareas

ATLANTICOLOR
Ferretería y pinturas
Tif.: 986 669 955
Permitido acceso de vehiculos zona carga y descarga max. 15 minutos
Rúa do Salgueiro, 7 Ponteareas

Asesoría Técnica Agrícola
AGROITIS
Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797
Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Ponteareas
agrovis@agrovis.es
www.agrovis.es

A Xunta realiza a campaña de vacinación da gripe e da covid-19 achegándoa aos centros de maiores, escolas e centros de saúde

Desde o 29 de setembro desenvólvense a campaña de vacinación da gripe e da covid-19, que se estenderá ata o vindeiro 31 de decembro dun xeito progresivo, segundo os distintos colectivos e grupos de idade, ata acadar ao conxunto dos grupos de poboación diana: as persoas maiores, os menores de 11 anos, as embarazadas e, por exposición laboral, os profesionais da sanidade.

Unha das novidades desta campaña é que todas as persoas chamadas a vacinarse poden facelo no seu propio centro de saúde ou consultorio.

Outras novidades son a vacinación con doses de alta carga ás persoas maiores de 70 anos, a ampliación da vacina intranasal da gripe aos nenos de ata 11 anos e a posta en marcha dun programa piloto de vacinación escolar.

A primeira das fases de inmunización comezou o 29 de setembro coa administración da vacina antigripal reforzada aos usuarios das residencias de maiores e dos centros de persoas con discapacidade da comunidade. O departamento sanitario da Xunta



introduce este ano como novidade a ampliación das doses de alta carga ás persoas de 70 a 79 anos, que ata o de agora se administraba a maiores de 80, tras os bos resultados acadados no ensaio clínico 'Galflu'. A partir dese momento inmunízase tamén ao persoal que traballa nestes centros.

Desde o 13 de outubro a campaña de inmunización continuou coa vacinación dos nenos e nenas

con idades comprendidas entre os 6 meses e os 11 anos.

Neste caso, a vacinación infantil introduciu dúas novidades: por unha banda, a ampliación da vacina da gripe por vía intranasal aos nenos de entre 24 meses e ata os 11 anos; e, pola outra, a posta en marcha dun programa piloto de vacinación escolar coa aplicación desta vacina nos propios centros educativos.

Así, o alumnado de 55 centros

educativos participan nun programa que ten por obxectivo chegar a 19.000 nenos de entre 3 e 11 anos (nados entre 2014 e 2022). Para o resto de nenas e nenos de 6 meses a 11 anos, a vacinación facilítase no seu centro de saúde.

Dun xeito cronolóxico, a campaña continuou o 20 de outubro coa vacinación de diferentes grupos de poboación: persoas de 70 e máis anos, persoas en situación

de inmunosupresión e o persoal sanitario e dos servizos de urxencias da comunidade.

O 3 de novembro comezou a quenda de inmunización das mulleres embarazadas e tamén das persoas menores de 60 anos que padezan algunha patoloxía de risco. A partir do 10 de novembro, será a quenda das persoas con 60 e máis anos, do persoal de servizos esenciais, así como de aquel persoas con exposición laboral.

O cronograma completárase a partir do 1 de decembro coa vacinación dos convivintes de persoas de risco e do resto da poboación.

A comunidade galega destaca como líder nas taxas de cobertura, tanto no caso da gripe como da covid-19. Así, a taxa de vacinación da gripe en maiores de 65 anos en Galicia acadou o 71 % de cobertura, fronte ao 58,4 % en España.

A Xunta convida ao conxunto da poboación galega a vacinarse fronte á gripe e a covid-19 co obxectivo de reducir a súa incidencia na comunidade e así previr os seus efectos na saúde da poboación.

En marcha o programa piloto de vacinación fronte á gripe por vía intranasal en centros educativos

O pasado 13 de outubro arrancou un programa piloto de vacinación fronte á gripe por vía intranasal en centros educativos que busca chegar a 19.000 nenos de entre 3 e 11 anos de 55 colexios galegos. Trátase dunha iniciativa conxunta das consellerías de Sanidade e Educación, Ciencia, Universidade e FP.

Nos colexios seleccionados e de forma voluntaria aos alumnos de 4º, 5º e 6º de educación infantil e de todos os cursos de educación primaria, o obxectivo é acadar unha cobertura do 70% entre os nados entre 2014 e 2022, é dicir entre 3 e 11 anos, matriculados nos centros incluídos no programa piloto. En función das coberturas de inmunización acadadas, a Xunta avaliará a extensión do proxecto piloto ao resto de centros escolares en futuras cam-

pañas de vacinación.

O feito de que se aplique a vacina fronte á gripe por vía intranasal, que evita o pinchazo, facilita a loxística da actuación. Para iso, equipos de enfermería das sete áreas sanitarias desprázanse aos colexios participantes para a administración da vacina intranasal nos centros.

A finalidade última, de acordo coa campaña xeral de inmunización fronte á gripe, é diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas deste virus na poboación infantil, tentando minimizar o impacto na saúde deles mesmos, das súas familias e de toda a poboación, mediante a prevención coa rotura da cadea de transmisión.

As Consellerías de Sanidade e de Educación informaron aos centros participantes e ás familias dos detalles do programa e da

importancia da vacinación antigripal. Para iso, celebraron unha reunión por videoconferencia cos responsables dos centros escolares seleccionados para explicar os obxectivos do programa e o protocolo que se seguirá.

Ademais, en cada un dos centros participantes organízanse reunións coas familias e co equipo de enfermería para informar, resolver dúbidas e entregar a folla informativa e a autorización para a vacinación. As familias deben asinar o consentimento para a vacinación do seu fillo e entregala no centro. Antes de proceder á inmunización, os equipos de enfermería recompilan a información sobre a historia clínica dos rapaces autorizados a recibir a vacina intranasal fronte á gripe.

55 centros escolares

O piloto realízase nun total de 55 centros, seleccionados para



acadar unha representatividade dos estratos urbanos, semiurbanos e rurais das catro provincias, distribuídos segundo as áreas sanitarias. En concreto, 9 centros pertencen á área sanitaria da Coruña e Cee; 2 á área sanitaria de Ferrol; 9 á área sanitaria de Lugo, Monforte de Lemos e A Mariña; 10 á área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; 6 da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés; 8 da área sanitaria de Vigo; e 11

da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Na área sanitaria de Vigo os colexios escollidos son: CRA María Zambrano (O Rosal); CPR Plurilingüe Lar (Mos); CRA Raíña Aragonta (Salceda de Caselas); CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (Salvaterra de Miño); e CEIP Plurilingüe García Barbón, CPR Plurilingüe Pintor Laxeiro, CPR Plurilingüe Santiago Apóstol e EEI Vila Laura (Vigo).

BAIXO MIÑO

TUI

Modelo de planificación urbana

O Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, presentou a Axenda Urbana como un dos “modelos de planificación galegos” durante o III Foro Urbano de España celebrado na Coruña. Na mesa redonda estiveron tamén presentes a Alcaldesa de Marín, María Ramallo, e os de Ames, José Blas García, e Baiona, Jesús Vázquez Almuíña. O Alcalde tudense tamén mantivo un encontro coa ministra de Vivenda y Agenda Urbana, Isabel Rodríguez.

Cabaleiro destacou a “condición



fronteiriza da cidade” que, no marco da Eurocidade Tui-Valença, implica afrontar retos como a mobilidade urbana, a sostibilidade do patrimonio medioambiental e servizos de benestar nas parroquias como “Cultiva a mente” e “Coida o corpo”.

15.000€ as axudas para os deportistas tudenses

O Concello aumentou até os 15.000€ a partida destinada á concesión de becas a deportistas tudense que teñan participado en competicións federadas de ámbito internacional. O deporte federado tudense abrangue a máis

de 2.000 deportistas na nosa cidade con 16 clubs subvencionados. O Concello pretende así facilitarlles a práctica deportiva e a súa participación nas competicións. O prazo de presentación comezou 17 de outubro, tras ser publicado no Boletín Provincial.

Postal de Nadal en honor á Catedral

A nova edición do Concurso de Debuxo Escolar impulsado polo Concello de Tui busca a postal para felicitar o Nadal 2025 con motivo do 800 aniversario da consagración da Catedral.

Este certame vai dirixido ao alumnado de Primaria dos centros educativos do municipio. Cada

participante presentará un único traballo orixinal e inédito con técnica libre, que debe ir identificado na parte posterior. O prazo de presentación dos traballos remata o 21 de novembro de 2025. Establécese como premios lotes de material educativo e de pintura por valor de 100, 50 e 40 euros respectivamente.

Muralla medieval na Praza da Estrela

Coa colaboración da Xunta, o Concello de Tui vai adaptar a reforma da praza da Estrela tras o importante achádego arqueolóxico realizado nas catas previas vinculadas ao proxecto da rede de pluviais. Nos vestixios atopados destaca un tramo da muralla medieval do século XII, cuxo estudo contribuirá ao coñecemento da historia tudense nesa época.

Amais, aínda pendente de precisar a datación, atopáronse outras pezas cerámicas e pétreas, pavimentos e muros, que deixan a



luz parte da historia da cidade. No proxecto traballa un equipo técnico multidisciplinar integrado por enxeñeiros, arquitectos, arqueólogos e historiadores.

Tui honra a Alejo Diz Jurado e aos represaliados

No marco das actividades de Memoria Democrática, o Concello de Tui descubriu unha placa na fachada do Centro de Saúde de Tui en lembranza da figura de Alejo Diz Jurado, médico dos pobres, home xeneroso e alcalde de Tui entre 1918 e 1922, fusilado na Alameda o 13 de outubro de 1936.

A continuación na Alameda de San Domingos tivo lugar a colocación dun ramo flores no monu-



mento aos represaliados obra do escultor Silverio Rivas.

Pleno da Cámara de Comercio en ORPAGU



A Cámara de Comercio de Tui realizou o seu pleno nas instalacións da Organización de Productores Palangreros Guardeses (ORPAGU) no polígono empresarial de Areas.

ORPAGU conta coa frota máis importante de Europa en canto a pesca de palangre de superficie, con sus 79 buques, especializados na pesca de pez espada e especies afíns.

A cidadanía no Plan de Igualdade

A concelleira de Igualdade, Ana Núñez, informou que o Concello de Tui está a elaborar o IV Plan de Igualdade Municipal na que achegará unha enquisa en liña dirixida á veciñanza para coñecer a súa per-

cepción sobre a igualdade e os avances logrados no últimos anos. O obxectivo é que o novo Plan sexa un documento práctico e realista, que responda ás situacións da veciñanza e teña aplicación directa na vida cotiá.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontareas T. 986 66 00 00

M
INMOBILIARIA
MERCAVENDA
Casas Locales Fincas Pisos
Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Pontareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

TUI

Tui aposta pola Macrorrexión Atlántica

A Cámara de Comercio de Tui participou en Bruxelas na xuntanza de Archam, a alianza de Cámaras de Comercio no Arco Atlántico, un foro que ten por obxectivo a creación dunha Macrorrexión Atlántica. Na xuntanza, na que participou a presidenta do Parlamento Europeo Roberta Metsola, tamén estiveron presentes Cámaras de Comercio de España, Portugal e Francia.



Pilar Gregores rompe co PP de Tui

A concelleira Pilar Gregores, anunciou a súa renuncia ao Grupo Municipal do Partido Popular, encabezado por Nico Montes, e o seu paso á condición de concelleira non adscrita. Gregores explica que a súa decisión é froito "dunha longa reflexión"



tras "un ano de illamento e exclusión dentro do grupo", situación que, segundo afirma, "non só dificultou o exercicio responsable e eficaz" das súas funcións, senón que tamén "menoscabou" a súa integridade persoal e política.

O PP incorpora a Jorge Lima como substituto

O voceiro do grupo municipal do PP de Tui, Nico Montes, vén de anunciar a próxima incorporación de Jorge Lima Durán, en substitución da concelleira Pilar Gregores, que acaba de formalizar a súa renuncia á acta co correspondente rexistro



no Concello. Montes indicou que produciuse un "malentendido sobre o futuro político" da edil Gregores, que expresou publicamente a súa intención de deixar o grupo municipal, pero que deixou ben claro que mantiña o seu compromiso co PP e con Tui.

Mes da Memoria Democrática

Un total de nove actividades conforman o programa "Mes da Memoria Democrática" promovido polo Concello de Tui a desenvolver entre o 25 de outubro e o 29 de novembro.

O programa contempla o recoñecemento á figura do médico Darío Álvarez Blázquez; documentais; conferencias de Xesús Alonso Montero, Lourenzo Fernández Prieto, Bieito Alonso, Helena Pousa,



Marga do Val e Pepe Cáccamo; a colocación dunha placa conmemorativa ao doutor Alejo Diz Jurado na fachada do Centro de

Saúde; e actividades de lembranza dos Mártires de Sobredo coa intervención da cineasta Margarita Ledo Andión.

Novos postos para o Mercado de San Antonio



A concellería de Comercio e Mercados do Concello de Tui realizou o 30 de outubro unha xornada informativa para dar a coñecer as novas oportunidades que ofrece o Mercado de San Antonio en materia

de emprendemento ante a próxima licitación dos espazos. Se trata dos postos destinados a panadería, froitería, alimentación (salgado/conxelado), carnicería e elaborados e espazo gastronómico.

Turismo Fluvial Transfronteirizo



Tui foi o punto de partida do I Encontro Ibérico de Turismo Fluvial Transfronteirizo da Rede CIFT, Rede de Cruceiros Ibéricos Transfronteirizos, cuxo obxectivo é desenvolver unha rede de destinos

náuticos-culturais sostibles nos cinco grandes ríos tranfronteirizos: Miño, Limia, Douro, Taxo e Guadiana. O encontro continuou por diversas localidades hispanolusas para consolidar itinerarios náutico-culturais sostibles.

25 casetas para o Mercado de Nadal

O Concello de Tui abriu o prazo de inscrición para os postos do Mercado de Nadal, no que se amplía a 25 casetas no Paseo da Corre-

doira e na Praza da Inmaculada. O mercado estará en funcionamento do 28 de novembro de 2025 ao 5 de xaneiro de 2026.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. durain s.l.**

www.forjadosduran.com

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Tomiño, bandeira verde polo medio ambiente

O municipio vén de recibir a Bandeira Verde, un recoñecemento que distingue o esforzo do Concello polas políticas sostibles e pola protección activa do medio ambiente. Entre as actuacións máis destacadas atópanse o Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), os camiños escolares seguros de Goián e Tomiño, a creación de aparcadoiros disuasorios e a renaturalización dos espazos urbanos con novas zonas axardinadas e arboradas. A peonalización de



rúas como República Arxentina e Gondomar, ou a senda peonil entre o Seixo e a Pedra, son exemplos claros desta transformación.

Os maiores orzamentos da Guarda

O goberno de Roberto Carrero (PP) presentou o pasado 17 de outubro ante o pleno municipal a proposta do maior orzamento da historia do Concello, valorado en 8.442.310,26€, un incremento do

9,85% co respecto ao 2024.

O concelleiro de Economía, Óscar Alonso, indicou que este orzamento recolle as principais demandas nos ámbitos económico, social, educativo, deportivo e cultural. Pola súa banda, o voceiro

do BNG, Anxo Baz, criticou a "falta de previsión e de planificación" á hora de presentar estes orzamentos, o cal "demostra a incapacidade do goberno de Carrero".

Oia renova os seus parques infantís

O Concello mellora e amplía os espazos para parques infantís en Viladesuso e Torroña. No primeiro caso renovouse e ampliouse a zona de xogos do Eirado mentres que en Torroña creouse un novo espazo infantil, ao transformarse o parque biosaludable nun parque de xogos para nenos e nenas. Estas actuacións supuxeron un investimento total de 32.309,06€ financiados a través do Plan + Provin-



cia da Deputación do 2024 e fondos propios do Concello.

O Cánting Pedra Rubia será parque público

A través dun orzamento de 1,41 millóns de euros, o Concello de Oia transformará o antigo Cánting Pedra Rubia, en Mougás, nun gran parque público, recuperando así espazos ambientais e de patrimonio para

o lecer da veciñanza, o turismo e os peregrinos.

Situado á beira do mar, na zona do Aguncheiro, a nova área recreativa é un punto estratéxico do Camiño de Santiago onde se conservan vestixios de salinas

romanas.

Entre os principais equipamentos previstos destacan piscina e solariuma, área de fontes de chan; espazos infantís de lecer; pista polideportiva; aparcadoiro, bar, aseos e merendeiros.

A Guarda quiere iluminar o Nadal de Ferrero Rocher

O Concello da Guarda iniciou unha campaña de promoción para recoller a testemuña de Ribadavia e converterse no representante de Galicia no concurso de iluminación

de Nadal impulsado pola marca Ferrero Rocher. A Guarda competirá con outros 16 Concellos a nivel estatal nunha votación aberta que culminará o 23 de novembro.

Conectividade para o Baixo Miño

O Concello do Rosal presentou á Xunta unha serie de propostas concretas para mellorar o transporte público trala rescisión da concesión coa empresa e o redeseño da liña XG883 que conecta a comarca co sur de Vigo. Esta reivindicación é especialmente relevante para O Rosal, o segundo que máis medrou en poboación na provincia de Pontevedra nos

últimos tres anos.

Por outra banda, o Concello do Rosal renovou as axudas para a modernización das traídas de augas veciñais, subvencionando ata 5.000 euros por traída. Na convocatoria anterior foron beneficiadas as comunidades de A Videira, Fornelos-Caselas, Marzán, O Picón, San Miguel e Pías, e San Xoán de Tabagón-As Eiras.

Modelo europeo para o rural



O Concello do Rosal recibiu a 20 especialistas de países europeos dentro do Congreso EC4Rural, un proxecto europeo cofinanciado polo programa LIFE da UE. Os

especialistas visitaron o municipio para coñecer o seu modelo enerxético rural, determinado polo seu compromiso coa sostibilidade, a participación cidadá e a innovación social.

Sinfónica colombiana no Rosal

A Agrupación Musical do Rosal, coa colaboración do Concello, organizou o 16 de outubro no Auditorio un concerto especial da Banda Sinfónica Xuvenil de Caldas "Hernán Bedoya Serna", que chega dende Colombia para participar no XVIII Certame Galego de

Bandas de Música. Dirixida por Juan Sebastián Velasco Serna, a banda é unha das agrupacións xuvenís máis destacadas do país suramericano e representa o Programa Departamental de Bandas de Caldas, recoñecido polo seu labor educativo e cultural.

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

LOVECARS®

www.lovecars.es

Monseñor José Diéguez Dieppa | Deán-Presidente do Cabildo da Catedral de Tui

“A Catedral de Tui é un vínculo de unidade entre Portugal e Santiago”

José Diéguez Dieppa é actualmente Deán-Presidente do Cabildo da Catedral de Tui, Canónigo Prefecto de Liturxia da Catedral e Párroco de San Xoán Bautista de Panxón (Nigrán). É, por tanto,

unha das principais figuras no marco da coordinación do 800 aniversario da consagración da Catedral de Tui, que dará comezo o vindeiro 30 de novembro.

Estamos ante o 800 aniversario da consagración da Catedral. Qué significado ten para Tui, Galicia e o mundo cristián?

É a inauguración do Ano Jubilar. A Santa Sede concedeunos unha indulxencia especial plenaria con motivo do oitavo centenario da Catedral tudense. De acordo a unha normativa de 1225 realizada polo Bispo Esteban Egea, quen é o que consagra a Catedral, a celebración farase como todos os anos o 1º de decembro, caso contrario se cadra en día domingo, que pasaría entón a celebrarse do día 2. O 30 de novembro o que se celebra é a Festa de San Andrés Apóstolo.

Sobre o significado da celebración hai que ter en conta que, ademais de celebrarse o seu 800 aniversario, a Catedral de Tui é unha das poucas que reflicten a transición do románico ao gótico. Por tomar un exemplo, a Catedral de Santiago é románica, aínda que ten unha fachada barroca, e cumpriu o seu 800 aniversario en 2011.

A Catedral ten unha gran riqueza de patrimonio histórico. Qué destacaría como os máis importantes?

O propio Templo Catedralicio que, como xa comentei, é testemuña dunha transición do románico ao gótico. O Claustro Gótico

é o único medieval que se conserva nun complexo catedralicio. Outro patrimonio relevante é a conservación da memoria da celebración da fe, presente no seu Arquivo Catedralicio. Tamén está o Altar da Reliquia Renacentista que conserva o relicario de San Telmo, especialmente importante porque é o Patrono da nosa Diocese.

Nese Arquivo hai pergaminos, cédulas Papais, manuscritos como o Pasionario Hispánico, da que se conserva a súa orixinalidade medieval e na que están reflectidas as vidas dos Santos. É un exemplo de cómo pervive a vella liturxia hispana, posteriormente romanizada tralo Conventus Bracarenensis. O manuscrito é unha testemuña do culto de San Telmo, un santo do século XIII, e dos feitos prodixiosos que rodearon a súa vida e a súa morte. En 2046 celebraremos outro oitavo centenario, o da morte de San Telmo. O Arquivo tamén contén outros documentos históricos como a cédula de Dona Urraca.

Estanse realizando obras de remodelación da Catedral para este evento?

Estamos facendo un gran esforzo para conservar e restaurar a nosa riqueza patrimonial. Temos un plan moi ambicioso que é adaptar dependencias que están

no Claustro para o novo Museo Diocesano e Catedralicio e así potenciar a visita cultural catedralicia tomando en conta que o edificio é unha testemuña do paso de diversos momentos da vida histórica eclesial e civil.

Quero salientar que este novo Museo deixa libre o edificio que ata agora ven ocupando o Museo Diocesano e Catedralicio, o antigo Hostal de Peregrinos e onde estará o novo Arquivo Histórico da Catedral e da Diocese. Isto permitirá unha maior seguridade e facilidades loxísticas para estudosos e investigadores. Tamén estamos avanzando na dixitalización dos arquivos, na mellora das instalacións eléctricas da Catedral e do novo Retablo de Santiago Apóstolo co patrocinio do Cabildo Catedralicio. Igualmente queremos finalizar o Órgano da Catedral porque non ten tódolos rexistros necesarios.

Cómo está sendo a difusión en torno á imaxe de marca conmemorativa?

Estamos traballando na súa respectiva difusión xunto co Comité de Honra que combina a parte civil coa eclesiástica. Neste Comité, ademais do Cabildo da Catedral, o Concello, a Xunta de Galicia, a Delegación do Goberno, a Deputación de Pontevedra e a CCDR-Norte de Portugal, están



“Estamos facendo un gran esforzo para conservar e restaurar a nosa riqueza patrimonial”

tamén os Reis de España, Felipe VI e Letizia de Borbón, e o Presidente da República Portuguesa, Marcelo Rebelo de Sousa.

Están confirmadas esas presenzas para a celebración da Catedral?

Ata agora non teño constancia de que exista esa confirmación. Debemos ter en conta que esas xestións as leva o Concello. Obviamente estamos esperanzados en que podan estar os Reis e o Presidente portugués.

A programación continuará en 2026?

Si, estamos avanzando nunha programación tanto pastoral como cultural e artística que aínda non está completamente pechada.

Vivimos momentos de convulsos, conflitos, de tensións permanentes ante cambios incertos. Tomando en conta que Vde. é un representante da fe,

qué mensaxe pode dar coincidindo con esta conmemoración da Catedral?

Unha mensaxe de esperanza. É o que o Papa Francisco quixo que vivera a Igrexa e que a Igrexa ofrecera ao mundo neste Ano Santo Romano. O Papa quixo que foramos Peregrinos de Esperanza en Cristo, un compromiso para mellorar tanto a nivel persoal como nas relacións cos demais.

A Catedral é unha testemuña elocuente de diversos acontecementos históricos. Pasou de presenciar a unidade da diocese as súas divisións, especialmente no caso do Reino de Portugal. Pero ó mesmo tempo a Catedral está aí como un vínculo de unidade porque é a porta de Portugal cara Santiago de Compostela. Está no medio do Camiño, animando e axudando. É un vínculo que en vez de separar, une.

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Vidales Tomé (fronte ao Sportivo). Pontearreas

casa ferreira

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL

C/ Fdez. de la Vega, 6
36860 PONTEAREAS Teléf. 986 641 554
charcasaferrera@hotmail.es

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO 986 644 036
www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

MISCELANEA

Por Xoán Carlos Caballero

Os ocupas alaveses non albaneses

Cálculase que, por cada ocupación, emítense 277 tertulias de radio e televisión en horarios de máxima audiencia. A este dato hai que engadirle a encomiable labor informativa sobre este tema dos xornais, youtubers e influencers.

Os ocupas son boa xente se os comparamos, por exemplo, coa cantidade de asasinos en potencia que van ao volante dun coche ou de delinquentes armados que transitan polas rúas. As probabilidades de falecemento cando colles o automóbil son infinitamente maiores que as de que me ocupen a casa cando estea de volta. Paradoxalmente, preocupáanos moito menos perder a vida que perder a propiedade. Será porque sabemos que, en caso de morte, no paraíso vai estar agardando por nós un adosado cunha parceliña ao redor protexida polo Todopoderoso, Prosegur e Securitas Direct.

Teño que recoñecer que a voráxine informativa que hai sobre o asunto provoca que a parte racional do meu cerebro sucumba, esgotada, e acabe créndose que a posibilidade de volver ao meu fogar e atoparme cos malditos usurpadores de vivenda sentados no sofá, cos pés enriba da mesa e vendo a televisión, sexa elevada.



En cambio, teño un compañeiro de traballo, que para todo toma decisións en función das estatísticas, que di que, cando ten pensamentos irracionais acerca dos problemas que poden xurdir ao habitar un piso, prefire saír á rúa porque as probabilidades de que asalten a súa residencia para roubar son miles de veces superiores ás de que o fagan coa intención de ocupar.

Ultimamente é difícil atopalo no seu domicilio, porque está obsesionado cunha banda itinerante de albaneses moi violentos, que entran nas casas e golpean aos propietarios de xeito salvaxe. Para tranquilizalo, dígolle que non son albaneses, senón ala-

veses, o cal o calma de xeito instantáneo, porque, como bo patriota, prefire a man de obra nacional.

O lavado de cerebro ao que estamos sendo sometidos chega a tal extremo que, o outro día, nos programas de Marranarosa e Losantros aseguraron que os ocupas estaban detrás dun caso de atropelo nun paso de peóns, cando, en realidade, o

dono da vivenda confundiu a dous técnicos, que ían facer a inspección periódica da instalación do butano, cuns inimigos da propiedade privada e, atemorizado, botouse a correr.

Cando abandono os pensamentos irracionais, pñoome no lugar dunha familia con fillos pequenos, que non ten onde acubillarse nos fríos e húmidos invernos. Na súa situación, eu tampouco dubidaría en forzar a porta dun piso embargado por un banco a outra familia que non puído facer fronte á hipoteca pola espectacular subida do Euríbor e do prezo dos alimentos, provocada por un ruso que decidiu invadir Ucraína.

Os ocupas perigosos non son a ínfima cantidade de persoas que, por desesperación, deciden asaltar un inmobile baleiro, senón os fondos voitre, como Goldman Sachs, a banca, a usura de moitos propietarios e ata comunidades autónomas, como a de Madrid, que vendeu 3.000 fogares de persoas con baixos ingresos a fondos que, para botar aos veciños, comezaron a subirlles o alugueiro ata que moitos non puideron facerlle fronte e non lles quedou máis opción que marchar. Pero estas figuras son consideradas persoas de ben, indispensables para manter a sociedade do benestar, aínda que sexa sobre o sufrimento e a miseria dos demais.



Por Nemésio Barxa

Nem antes nem depois

Contam os xornais que em Valdeorras a auga da bilha sai negra, contaminada, com cinzas. Tempo teve a Administración forestal para evita-lo desde que rematarem os incendios florestais que, entre outros lugares, castigarem gravemente á comarca valdeorresa.

Não foi precisamente adequado o tratamento para prever os habituais incendios de todos os veráos, que neste caso se adiantarem (pola calor prematura) e agravarem (pelo cambio climático). A Xunta não executou 8.3 m€ para prever os fogos, aínda que a EU advertisse das eivas nas políticas florestais galegas. Renunciou no seu día a proteger com Rede Natura o 80% do territorio e assim podo incendiarse Pena Trevinca e por em perigo um bosque de tejos centenário; e já não funcionou a desculpa da inexistente suposta máfia terrorista, existência que nunca se podo demostrar. Como sempre a ineficácia e abandono por parte da Xunta que é



capaz de ceder gratuitamente o Centro de Lume de Toen para actividades privadas, retirar bombeiros das zonas incendiadas, pedir médios ao goberno quando aínda não havia mobilizado milhes de efectivos de seu plano contra incendios. Nada se

fixo antes de comezar a vaga de incendios.

Mas os vizinhos de Valdeorras comprovam como tampouco nada se fixo depois. para evitar a erosão que o tempo, o vento e, especialmente, a chuva podiam ocasionar nos montes incendiador de este verão. O incendio florestal provoca graves consecuencias sociais, económicas e ambientais; no terreo afetado a destruição da paisagem e do ecosistema, aumento da erosão com as primeiras chuvas, chãos desnudos e estéril, desaparición da coberta vegetal, morte e perda de microrganismos e fauna, aumento das escorrentias de auga que arrastam suciedade, lodo e cinzas e assim chegam ás bilhas do pessoal, como ocorreu em Valdeorras.

Por todo resulta urgente e necesaria tomar medidas de estabilización e restauración que precisaria comezar por um diagnóstico prévio do terreo afetado, identificar as zonas mais vulneráveis, avaliación de al-

ternativas de actuación, control da execución e posterior seguimento e valoración dos resultados. A estas alturas comprobamos que nada de isto (ou muito pouco) se fixo por parte da Consellería correspondente, que só em alguns lugares espargiu palha e restos florestais que com as barreiras de malhazo, as empalizadas de balas de palha e a semente de herbáceas são as medidas urgentes aconselhadas. E depois uma boa rehabilitación com as espécies mais adecuadas e resistentes.

E também aqui falham. porque a Xunta neste tema de planificación e rehabilitación já anuncia que permitirá replantar eucaliptos em parcelas de pinheiros afetados polo fungo da banda marrom, de tal jeito que uma espécie inflamável vem a substituir os pinheiros enfermos mentras anuncia a falsa prorrog de moratória do eucalipto que já ocupa o duplo de has. do permitido para o 2.032.

Quinta do Limoeiro, outubro 2.025



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Un país coa súa lingua

O Consello da Cultura Galega (CCG) é un órgano recoñecido no Estatuto de Galicia e na súa lexislación de desenvolvemento básico para o asesoramento da Xunta de Galicia, mais foi definido para desenvolver a súa alta función consultiva non dun xeito a demanda, senón proactivo, nomeadamente por se alcerzar tamén nas Universidades e noutros entes académicos e de estudos. Deste xeito (artigo 6 da súa Lei reguladora) cómprenlle, entre outras, as seguintes funcións: i) analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural, ii) fomentar a lingua e a cultura galegas, iii) investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, iv) asesorar e consultar ós poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. e v) elevar ao Poder Galego informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Ningunha dúbida, pois, a respecto da súa capacidade xurídica para analizar os problemas do galego e buscar solucións.

Dende a lexitimidade de orixe destes alicerces estatutarios o CCG ven de xustificar a súa lexitimidade de exercicio presentando o estudo “Un país coa súa lingua”, que



ten o acerto de se elaborar dende un foro participativo no que se escoitou ás Administracións, comunidade educativa e científica, sector cultural e creativo, tecido económico e sociedade civil. Deste xeito considera o CCG que pola diversidade de perfís evítanse nesgos de elite e pola infraestrutura participativa detéctanse barreiras operativas “...que non adoitan aparecer nas estatísticas”. Por outra banda, o estudo esixe unha metodoloxía aplicativa que require i) proba, ii) medición,

iii) xeneralización e iv) publicación de resultados. As medidas haberán ter obxectivos claros, métrica sinxela e un responsábel de publicar os resultados, cando menos anualmente, de xeito que as medidas de hoxe alimenten as reformas do mañá. É dicir, todo o contrario do que acompañou na (non) execución do Plan de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no 2004 polo noso Parlamento.

Cómpre salientar como o CCG constata a fenda entre dereitos e prácticas. Malia a liberdade teórica, no plano xurídico, de usarmos do galego, o CCG conclúe unha clara asimetría: mentres quen desexa vivir en castelán faino sen restrición ningunha, quen desexamos vivir en galego atopamos “...ausencia ou baixa calidade de opcións en trámites, atencións e contidos...”, concreta, mais non exclusivamente, na educación, na xustiza e na sanidade.

Tamén constata o CCG graves eivas na socialización e transmisión interxeracional do galego cun lecer dixital e mediático producido maioritariamente noutras linguas e operando dinámicas de grupo que penalizan o uso do galego. Pola súa banda os servizos de normalización están infradotados e mal coordinados, a infraestrutura dixital e tecnolóxica é “incompleta” e padecemos un déficit de información xeral, faltando “...unha práctica estendida de rendición pública de contas e publicación periódica de resultados.”.

“Un país coa súa lingua” organiza as súas propostas en dous niveis: inmediatas (non requiren remudas normativas e xeran impacto rápido e concreto) e estruturais, que si requiren as devanditas remudas e teñen un meirande impacto futuro. Unhas e outras estrutúranse en sete liñas transversais: 1) gobernanza e planificación, 2) contratación pública e calidade de servizo, 3) educación e socialización, 4) infraestrutura dixital e tecnoloxías lingüísticas, 5) medios, cultura e acción exterior, 6) economía, turismo e deporte e máis 7) sociedade, crenzas e participación.

A metodoloxía novidosa deste documento ofrece unha base común para Administracións Públicas, sociedade civil, educación e tecido empresarial e asociativo para que cada quen poida desenvolver e verificar resultados das accións que execute en cadanseu ámbito de actuación. Velaí que a Xunta non poida cuestionar esta metodoloxía de análise nin se pechar nos preconceitos (bilingüismo cordial e equilibrado ou o amplo coñecemento teórico do galego) aos que nos ten tan afeitos.

E velaí, tamén, que consideremos que paga a pena seguir a debullar, nas vindeiras semanas, estas propostas do CCG en cadanseu deses sete eixos sectoriais.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Tamén esqueceron

Son moitas as persoas que perden, nun momento determinado, as referencias e os límites. Pásalles a moitas daquelas que se meten en terreos escabrosos, políticas que de súpeto esquecen prerrogativas coas que chegaron a ser votados, promesas que un día fixeron. Iso pasa en todos os niveis de exercicio, tanto nos déspotas dos gobernos máis grandes do mundo, coma naqueles que cremos máis nosos. Todos botan arroutadas ousadas e ofensivas cada vez que abren a boca, desas que provocan en nós o noxo estupefacto, ao ver que foron escollidos por unha grande cantidade de xente que non souberon aprezoar o seu intenso odio, do que están cheos de orgullo, e a falta de educación e de comprensión dos verdadeiros problemas que deberían resolver.



Mais o problema dáse tamén nos de menos lonxe, os que temos no arredor e que non acordan tampouco as referencias. Son incapaces de lembrar o que un día dixeron. Están obnubilados nos seus intereses

máis básicos de posturo e de protagonismo. Son seres aos que intimamente chegamos a considerar afectos, e son contrarios a nós naquilo que sempre defendemos. Provocan en nós certo desacougo e un certo escándalo, seica contestan polas redes sociais, habitáculo idóneo de mentir e difamar, para xustificar a súa remodelada situación que é vinganza e case odio, incapaces xa de recoñecerse e de recoñecer, de volver sobre a verdade, a lei, o dereito, a xustiza.

O certo é que xa só están no lado de eles mesmos. Aquela loita incansable que exercerían, non foi nin será. Eran voces de serea, reclamo de tontos entre os que -seica- estou tamén eu. Negan con soltura, son grandes actores, a razón que un día barallaban nos seus argumentos, quedou criando malvas. As circunstancias e os matices, din, son outros e por iso vén esa leve discrepancia, o retroceder nas posibilidades de resolver calquera problema

pendente. Fíxéronse contrarios a todo, entes da contradición, estrategos da mentira mentres nos observan desde o alto, galos empoleirados de soberbia. O seu programa político comeza a estar cheo de dogmas e de represalías, desprezan moitas veces a cordura e o entendemento, o diálogo, mesmo o consenso. Propugnan esas simplicidades binarias que polarizan todo, ou azul ou vermello. Non caen na conta de que son cousas mínimas que nos personalizan e polas que nos diferenciamos e distinguimos, nin mellores nin peores, cousas que nos enchen de contrarios e silenzos, cousas -en fin- que negan a mesma humanidade ao tirarnos ao precipicio, sobre todo cando non se quere entender a nosa diversidade tan plural e variada, tan humana e necesaria.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

200 maiores volven á terra

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, recibiu na Praza da Quintana as 200 persoas maiores de 65 anos participantes na última edición do programa impulsado pola Xunta Reencontros con Galicia, chegadas a semana pasada desde Venezuela, Cuba, O Brasil, México, Bolivia, A Arxentina e O Uruguai. O grupo percorreu diferentes localidades e cidades galegas para reconectar co patrimonio cultural e natural da nosa Comunidade e coas paisaxes e cidades. Está aloxado nas



residencias de tempo libre da Xunta de Galicia en Panxón (Nigrán) e O Carballiño, espazo que

lles permite seguir compartindo vivencias durante esta experiencia.

Lugo aspira a ser sede aeroespacial europea

No marco do VII Congreso Internacional Aeroespacial celebrado en Vigo, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, anunciou que o Parque Industrial de Rozas en Castro de Rei (Lugo) vai ser o primeiro banco de probas a nivel estatal do Ceo Dixital

Europeo, o emprazamento da nova aceleradora espacial que vai crear a Xunta, e aspira a ser sede do Centro de Incubación de Empresas da Axencia Espacial Europea (ESABIC)

Lorenzana tamén informou que a comezos de 2026 estarán dispoñibles as primeiras axudas para

as empresas que participen na Iniciativa Estratégica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo, aprobada este ano pola Xunta cun orzamento de 14,8M€. A Xunta ten recibido unhas 78 propostas e traballa na correspondente licitación das empresas e centros tecnolóxicos.

“Modo galego, actíva!”

A RAG e a Asociación de Entidades Locais pola Língua (Alíngua) asinaron un protocolo de colaboración a promoción e a difusión do galego nos 20 municipios que forman parte de Alíngua e máis a extensión do proxecto de investigación e

acción para a infancia Modo galego, actíva!, promovido polo Seminario de Sociolingüística da RAG.

Os Concellos son Carballo, A Coruña, Ames, Pontevedra, Moaña, Betanzos, Narón, Rois, A Baña, Ferrol, O Grove, Cedeira, Ponte-

ceso, Redondela, Rianxo, Ribadeo, Santa Comba, Santiago de Compostela, Val do Dubra e Vilagarcía de Arousa, ademais coa Deputación de Pontevedra e a InvestiGal - Rede Galega pola Investigación como entidades amigas.

Gala 2025 das Vilas en Flor Galicia

O movemento Vilas en Flor 2025, conformado por 41 Concellos galegos que este ano aspiran a recibir as Flores de Honra celebrará a súa gala o 14 de novembro en Carballo. Por provincias, na Coruña hai 13 concellos adscritos; 20 en Pontevedra; 2 en Lugo e 6 en Ourense co denominador

común de que todos eles teñen menos de 40.000 habitantes. Esta iniciativa tamén se realiza en Aragón, Canarias, Cataluña e Valencia ou países como Francia (baixo o nome Villes et Villages Fleuris), Italia (Comuni Fioriti), Reino Unido (Britain in Bloom), Irlanda (Tidy Towns) ou Canadá (Communities in Bloom).

Promover o galego na mocidade viguesa



O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, mantivo unha entrevista co Alcalde de Vigo, Abel Caballero, para abor-

dar iniciativas orientadas á promoción do galego na infancia e na mocidade así como outras vías de colaboración institucional.

Bens de valor cultural no litoral

A Xunta someteu a información pública o novo Catálogo de bens de valor cultural no litoral, un documento que identifica 196 elementos nos Concellos costeiros das comarcas de Vigo e do Baixo Miño que destacan polo seu valor patrimonial, arquitectónico

ou cultural, entre outros. De todos os inmobles inventariados nestas zonas, un total de 68 (é dicir, o 34,7%) pertencen ás categorías de bens arquitectónicos ou industriais polo que poderían ter outros usos a futuro compatibles coa súa conservación e protección.

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

GASOLEOS
TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO



PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61

CONFITERIA
Regino
Especialidade en
rosquillas e melindres



Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834